



SITUACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA

1.1. Panorama xeral

1.2. Producción

1.3. Demanda

1.4. Renda

1.5. Poboación

**1.6. Análise da
converxencia real**

NO ANO 2004 CONTINUOU O CICLO EXPANSIVO DA ECONOMÍA MUNDIAL, REXISTRANDO OS TRES grandes bloques económicos (Estados Unidos, Xapón e a UE) unha aceleración no seu ritmo de crecemento. Os países da OCDE experimentaron, no seu conxunto, o maior crecemento dende o ano 2000, cunha medra do 3,6% respecto ao ano precedente, sendo este incremento do 4,4% no caso da economía estadounidense e do 4,0% no da xaponesa. A taxa de crecemento da actividade económica nos países da zona euro foi do 1,8% segundo os datos da OCDE.

Xunto a esta expansión da economía mundial, cómpre salientar a forte elevación dos prezos do petróleo (crecemento medio do 38,2%) e a nova caída do dólar fronte ao euro (en media, o euro apreciouse case un dez por cento). No marco da Unión Europea, os dous acontecementos máis importantes en 2004 foron a ampliación da Unión Europea, a partir do primeiro de maio, a vinte e cinco países, así como a aprobación, por parte do Consello, do Tratado Constitucional.

O produto interior bruto a prezos de mercado continuou en España coa súa tendencia positiva, ao rexistrar unha medra do 3,1% en 2004 (base 2000), dúas décimas máis que o experimentado no ano precedente. Esta medra ven explicada pola achega da demanda interna, que tras un incremento dun punto porcentual acada os 4,8 puntos. Pola contra, no derradeiro ano aumenta a contribución negativa do sector exterior, influenciado pola medra dun 8,1% das importacións españolas fronte ao incremento do 2,8% no caso das exportacións.

O crecemento económico español apoiouse, ao igual que a economía galega, no dinamismo do sector da construción e dos servizos. Pola contra, as ramas agraria e pesqueira continúan coa súa caída da produción, presentando o subsector enerxético unha aceleración da súa actividade.

A economía galega presenta en 2004 un incremento do seu produto interior bruto a prezos de mercado do 3,0%, tres décimas superior á medra experimentada polo conxunto da economía española (fonte INE, *Contabilidad regional de España*). Este maior dinamismo veu acompañado dun cadro macroeconómico caracterizado polo incremento das tensións inflacionistas, que sitúan á taxa de inflación galega a un nivel similar ao da española. A inflación galega, medida a través da variación interanual en decembro do IPC pechou 2004 no 3,3% (3,2% no conxunto do Estado), un punto porcentual superior á de 2003.

A pesar de que o principal soporte do crecemento do PIB en Galicia foi a demanda interna, cunha achega ao crecemento do 3,8%, a aceleración da economía galega apoiouse na melloría que tivo lugar na aportación da demanda externa (1,4 puntos negativos en 2003 e oito décimas en 2004), xa que a contribución da demanda interna mantívose ao mesmo nivel que en 2003.

Dende o punto de vista da oferta, todos os sectores productivos rexistraron avances na súa actividade. O crecemento do PIB galego apoiouse no dinamismo das ramas da construción e dos servizos, que foron os sectores que presentaron as medras máis importantes, así como na importante recuperación da actividade agraria e pesqueira. Pola contra, as actividades industriais e enerxéticas presentaban unha ralentización no seu ritmo de crecemento.

No último ano o PIB galego per cápita aproximouse á media europea e

española. Por mor, fundamentalmente, do *efecto xacobeo*, este acercamento prodúcese non só polo impacto da evolución da poboación, senón tamén polo efecto do crecemento económico. Trala medra da poboación residente en Galicia un 0,3% entre o un de xaneiro de 2004 e de 2005, punto e medio inferior á taxa de crecemento da poboación no conxunto do Estado, a importancia relativa dos galegos na poboación total española continúa o seu descenso ata os 6,28% do último ano.

A pesar deste maior crecemento económico, o mercado de traballo galego, condicionado polo comportamento do sector primario, presenta unha taxa de creación de emprego inferior á do mercado de traballo en España. A poboación ocupada en Galicia medrou no último ano un 1,3% respecto ao ano precedente fronte ao 3,9% no conxunto do Estado.

Coma principal limitación ao alcance da análise da actividade productiva cómpre salientar que para poder comparar os datos correspondentes ao conxunto do Estado e á comunidade autónoma galega empregaranse os datos da Contabilidad Regional do INE, que emprega a base 1995. A información que publican o INE e o IGE nas súas contabilidades trimestrais, base 2000, non son comparables nestes momentos ao empregar metodoloxías diferentes.

A análise deste capítulo estrutúrase en seis grandes apartados. No primeiro deles faise referencia ao marco económico no que se desenvolve a economía galega. Os tres seguintes capítulos analizan a evolución do produto interior bruto a prezos de mercado dende a súa triple vertente: produción, demanda e renda. O capítulo quinto presenta a evolución, estrutura e distribución da poboación galega. Finalmente, tendo en conta os datos da produción e da poboación, o derradeiro capítulo analiza a converxencia da economía coa media europea e estatal a partir, fundamentalmente, do indicador do produto interior bruto per cápita. ■

1.1. Contexto económico xeral

O PANORAMA ECONÓMICO INTERNACIONAL MELLOROU EN 2004, PRESENTANDO UN CRECEMENTO do 5,1%, un punto e unha décima máis que no ano anterior. Os países da OCDE, considerados no seu conxunto, aumentaron a súa produción nun 3,6% (2,2% en 2003), sendo esta aceleración económica desigual nas diferentes áreas económicas: fronte á medra do 4,4% dos EE.UU., a economía xaponesa creceu un 4,0% e a da zona euro, un 1,8%.

A economía española volveu a presentar un 2004 unha taxa de crecemento do PIB superior á experimentada pola zona euro, aínda que, no derradeiro ano, esta medra é inferior á media dos países da OCDE.

Antes de analizar os principais datos da economía dos países da OCDE, da economía española e da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, cómpre salientar, pola súa influencia na economía española e galega, dous grandes feitos acontecidos no contexto da UE: a ampliación da Unión Europea a dez novos países e a aprobación por parte do Consello Europeo do Tratado Constitucional. Asemade, hai que destacar a presentación do proxecto de presuposto comunitario para o período 2007-2013, que determinará os obxectivos e os medios orzamentarios para eses sete anos.

O primeiro de maio de 2004 levouse a cabo a quinta e maior **ampliación da Unión Europea** coa entrada de dez novos Estados membros de pleno dereito: Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, República Checa e Polonia. Tal como sinala o CES estatal no seu Informe 1/2004 *“Efectos de la próxima ampliación de la Unión Europea sobre la economía española”*, esta pode proporcionar, para o conxunto da Unión, beneficios en termos de fortalecemento democrático, de prosperidade económica compartida e de cohesión social e territorial.

No Consello Europeo de xuño de 2004, celebrado en Bruxelas, aprobouse o **Tratado Constitucional**, que podería supor unha reorganización e sintetización dos tratados existentes. Este Tratado deberá ser ratificado por cada país, ben polos parlamentos, ben a través de referendos, e entrará en vigor seis meses despois de que o ratificara o último Estado membro da UE.

O Tratado estrutúrase en catro partes: a primeira define a UE, os seus valores, obxectivos, competencias, procedementos de toma de decisións e as súas institucións; a segunda incorpora a Carta dos Dereitos Fundamentais; na terceira, descríbense as políticas e as accións da UE; e finalmente, a cuarta parte contén os procedementos de adopción e de revisión da Constitución.

En 2004, a Comisión Europea presentou as súas propostas para o vindeiro **marco financeiro** da Unión, que definirán os seus obxectivos e os seus medios orzamentarios para o período 2007-2013. A Comisión propón que a actuación da Unión se concentre en tres grandes prioridades: favorecer o desenvolvemento sostible, a cidadanía europea e o papel europeo no contexto internacional.

A rúbrica máis importante é a do “crecemento sostible”, que acolle o 46%

da media dos gastos comprometidos no período 2007-2013. Asemade, en relación á media do período considerado, esta rúbrica medra un 44,5% respecto á media deses anos. A partida que máis se ve incrementada é a destinada á mellora da competitividade, que medra un 115,7% respecto á media, pasando do 7,3% dos gastos comprometidos en 2006 ao 16,3% en 2013.

Cómpre salientar que no proxecto de perspectivas financeiras a partida de gasto agrícola deixa de ser a principal partida orzamentaria, ao reducirse a súa participación no total dos gastos comprometidos do 36,2% de 2006 ao 26,7% de 2013 (a participación media anual de 2007 a 2013 é do 29,4%).

PANORAMA ECONÓMICO INTERNACIONAL

Ao igual que o acontecido no ano anterior, os países da OCDE presentaron, no seu conxunto, un crecemento medio da súa actividade económica do 3,6%, 1,4 puntos porcentuais superior á rexistrada en 2003. As tres grandes áreas económicas, Estados Unidos, Xapón e a Unión Europea presentan en 2004 unha aceleración do seu crecemento, que ven acompañado dunha mellora da creación do emprego, unha redución do desemprego (agás na zona euro, onde se mantén no mesmo nivel que en 2003) e unha mellora da produtividade do sector empresarial.

Como reflicte o **cadro 1.1.1.**, a economía de **Estados Unidos** experimentou en 2004 unha medra do 4,4%, 1,4 puntos superior ao incremento rexistrado no ano anterior. A esta mellora da produción axuda a importante reactivación do investimento en capital fixo, que case duplica a súa taxa de crecemento respecto ao ano 2003, acadando unha taxa de variación do 8,9% (-3,1% en 2002 e 4,5% en 2003). Ao igual que no conxunto dos países da OCDE, prodúcese unha medra do emprego e da produtividade do sector empresarial, así como unha redución da taxa de desemprego.

A **economía europea**, trala ralentización económica experimentada en 2003, incrementa a súa taxa de crecemento en relación ao mesmo período do ano anterior, acadando os 1,8%. Esta aceleración do crecemento económico ven motivado, en parte, pola reactivación do investimento (formación bruta de capital fixo), que medra un 1,9% respecto ao ano 2003, fronte á caída experimentada nos dous anos anteriores. Asemade, cómpre salientar que a esta recuperación da actividade productiva europea axuda o feito da mellora económica de Francia e Alemaña tras os malos resultados de 2003.

A mellora da produtividade empresarial e do emprego é inferior á rexistrada no conxunto dos países da OCDE, mentres que a taxa de desemprego supera en máis de dous puntos á media destes países. A inflación, medida en termos do deflactor do PIB, volve a descender na zona euro, situándose unha décima por riba da media da OCDE.

Xapón, pola súa parte, rexistrou o maior incremento da produción dos últimos anos, cunha medra do 4,0%. Este incremento ven dado tanto polo pulo das exportacións como pola medra da demanda interna, e en particular, do consumo privado. Este forte crecemento da economía xaponesa trasladouse ao mercado de traballo, que experimenta un incremento da ocupación e da produtividade do sector empresarial, así como unha redución da taxa de desemprego. Por sétimo ano consecutivo, a inflación rexistra un descenso da súa taxa de variación interanual, o que dificulta a medio prazo a consolidación da recuperación da actividade económica.

Economía internacional 2002-04: evolución dos principais indicadores

	2002	2003	2004
Producto Interior Bruto (1)	<i>(taxa de crecemento sobre o mesmo período do ano anterior)</i>		
OCDE	1,6	2,2	3,6
EE.UU.	1,9	3,0	4,4
Xapón	-0,3	2,5	4,0
Zona Euro	0,9	0,6	1,8
Demanda interna (1)			
OCDE	1,8	2,5	3,6
EE.UU.	2,5	3,3	4,7
Xapón	-1,0	1,8	3,2
Zona Euro	0,5	1,3	1,7
Exportacións (1)			
OCDE	1,9	2,4	8,3
EE.UU.	-2,3	1,9	8,9
Xapón	8,0	10,1	14,4
Importacións (1)			
OCDE	2,6	3,6	8,4
EE.UU.	3,4	4,4	10,1
Xapón	1,9	5,0	9,9
Deflactor PIB			
OCDE	2,6	2,0	1,8
EE.UU.	1,7	1,8	2,0
Xapón	-1,2	-2,5	-2,3
Zona Euro	2,5	2,0	1,9
IPC			
EE.UU.	1,6	2,3	2,6
Xapón	-0,9	-0,3	-0,1
Zona Euro	2,3	2,1	2,1
Productividade sect. empresarial			
OCDE	2,1	2,2	3,0
EE.UU.	3,7	3,4	3,7
Xapón	0,9	2,9	4,0
Zona Euro	0,5	0,4	1,2
Tipo de xuro a curto prazo			
EE.UU.	1,8	1,2	1,5
Xapón	0,1	0,0	0,0
Zona Euro	3,3	2,3	2,1
Tipo de xuro a longo prazo			
EE.UU.	4,6	4,0	4,3
Xapón	1,3	1,1	1,5
Zona Euro	4,9	4,1	4,1
Taxa de desemprego			
OCDE	6,7	6,9	6,6
EE.UU.	5,8	6,0	5,5
Xapón	5,4	5,3	4,8
Zona Euro	8,4	8,8	8,8

(1) en termos reais

Fonte: OCDE, *Economic Outlook*

◀ CADRO 1.1.1.

PANORAMA ECONÓMICO DE ESPAÑA

A economía española continuou en 2004 coa evolución positiva da súa actividade, ao experimentar unha medra do 3,1%, dúas décimas máis que no ano anterior. Este incremento estivo impulsado pola evolución favorable da demanda interna, que se constitúe como a locomotora do crecemento económico polo lado do gasto. Asemade, no último ano volveu a incrementar a contribución negativa do sector exterior ao crecemento da economía.

A achega da demanda interna ao crecemento do PIB foi de 4,8 puntos porcentuais, un punto por riba de contribución de 2003. O consumo das Administracións Públicas e o investimento en construción son os compoñentes que presentan o maior dinamismo, cunha medra do 6,4% e 5,5%, respectivamente. O gasto en consumo final dos fogares medrou un 4,4%.

O avance das importacións no último ano foi do 8,1% respecto ao ano anterior, case o triple do experimentado polas exportacións, polo que a contribución negativa do sector exterior ao PIB creceu dende as nove décimas de 2003 aos

Evolución do PIB e das súas compoñentes en España 2003-04 ⁽¹⁾

	2003	2004	2004			
			trimestres			
			I	II	III	IV
Gasto en consumo final	2,9	4,8	3,7	5,3	5,4	4,8
Gasto en consumo final dos fogares	2,6	4,4	3,3	5,0	4,9	4,3
Gasto en consumo final das ISFLSH	1,7	2,7	1,5	1,7	2,7	4,9
Gasto en consumo final das AA.PP.	3,9	6,4	5,2	6,5	7,7	6,1
Formación bruta de capital fixo	5,3	4,4	3,0	4,6	6,4	3,7
Bens de equipamento	1,9	2,1	-1,4	0,5	7,9	3,2
Construcción	6,2	5,5	5,2	6,6	6,1	4,1
Outros produtos	7,8	4,4	4,5	4,9	5,3	3,0
Variación de existencias (2)	0,2	-0,1	0,0	-0,1	-0,2	-0,2
Demanda interna (2)	3,8	4,8	3,6	5,2	5,7	4,6
Exportacións de bens e servizos	3,6	2,8	1,6	2,3	3,8	3,5
Exportacións de bens	4,8	4,0	2,4	4,7	5,6	3,4
Exportacións de servizos	0,6	0,1	-0,5	-3,6	0,7	4,0
Importacións de bens e servizos	6,3	8,1	5,4	9,5	9,7	7,7
Importacións de bens	6,8	8,9	5,8	10,3	10,8	8,7
Importacións de servizos	4,0	4,3	3,3	6,0	5,1	3,0
PIB a prezos de mercado	2,9	3,1	2,8	3,1	3,4	3,1
Ramas agraria e pesqueira	-0,1	-1,0	1,1	-0,8	-1,7	-2,2
Ramas enerxéticas	1,4	2,2	2,1	3,0	1,7	2,1
Ramas industriais	0,9	0,7	0,4	0,7	1,2	0,6
Construcción	5,1	5,1	6,1	5,2	4,8	4,6
Ramas dos servizos	2,8	3,5	3,3	3,3	3,4	3,9
servizos de mercado	2,7	3,6	3,4	3,4	3,5	4,0
servizos de non mercado	3,2	3,1	2,9	2,8	3,1	3,7
Impostos netos sobre os produtos	6,5	4,0	0,3	5,5	10,6	0,9
IVE que grava os produtos	5,3	2,5	-1,8	-5,7	15,2	4,8
Impostos netos sobre prod. importados	5,9	12,2	18,4	10,6	3,7	17,1
Outros impostos netos sobre os produtos	8,7	6,3	3,9	22,0	5,3	-8,6

(1) Taxas de variación interanual. Prezos constantes de 2000

(2) contribución ó crecemento do PIB

Fonte: INE, Contabilidad Nacional Trimestral de España

CADRO 1.1.2. ►

CADRO 1.1.3. ►

Índices de competitividade de España fronte á UE, ós países desenvolvidos e ós países industrializados 2001-04

	Fronte a UE		Fronte a países desenvolvidos (1)		Fronte a países industrializados (2)	
	Con prezos ó consumo	Con prezos industriais	Con prezos ó consumo	Con prezos industriais	Con prezos ó consumo	Con prezos industriais
	(base 1999 I = 100)					
2001	101,4	100,6	98,7	98,3	98,2	97,8
2002	103,0	101,4	101,3	100,1	100,9	99,7
2003	105,4	103,4	105,6	103,9	106,0	104,0
2004	106,3	104,5	107,7	105,8	108,3	106,1

(1) Países desenvolvidos: Os da UE, Australia, Canadá, EEUU, Xapón, Noruega, Nova Zelandia e Suíza.

(2) Países industrializados: Ademais dos desenvolvidos, Corea do Sur, Hong-Kong, Malasia, México, Singapur, Taiwan e Tailandia.

Fonte: Banco de España, Boletín estadístico

1,7 puntos de 2004. Neste senso, cómpre salientar que 2004 volve a amosar unha perda de competitividade fronte á UE, fronte a países desenvolvidos e fronte a países industrializados, tanto en termos de IPC como en termos de prezos industriais (cadro 1.1.3.).

Dende a óptica da oferta, o cadro 1.1.2. indica que todos os sectores productivos, agás as ramas agraria e pesqueira, presentan taxas de crecemento positivas en 2004. O sector da construción volveu a ser o que presenta o maior dinamismo, cunha medra do 5,1%, seguido dos servizos, co 3,5%, e das ramas enerxéticas e industriais, co 2,2% e 0,7%, respectivamente. Comparado co ano ante-

rior, os servizos a enerxía son sectores que presentan un avance superior ao experimentado en 2003.

O maior dinamismo da actividade económica trasladouse ao **mercado de traballo**, onde o número medio de persoas ocupadas medrou en 2004 un 3,9% (674,9 miles de traballadores máis). Os sectores primarios seguen experimentando unha caída da súa ocupación media, con 2,1 miles de ocupados menos que en 2003. A construción e os servizos presentan os incrementos máis acusados, cunha medra da súa ocupación do 7,2% e 4,7%, respectivamente (151,6 e 512,2 miles de persoas máis, respectivamente).

A poboación activa aumentou ao longo de 2004 en 646,3 miles de persoas (3,3% máis que en 2003), mentres que o número medio de parados descendeu en 28,6 miles de persoas (1,3%). A taxa de paro reduciuse en medio punto porcentual, para acadar o 11,0%.

Se se considera a diferenza entre as taxas de crecemento do PIB a prezos de mercado (prezos constantes) e a ocupación -metodoloxía EPA 2005- coma unha aproximación á produtividade aparente do factor traballo¹, esta descendeu en 2004 un 1,3%. Atendendo á distribución sectorial, esta caída ven motivada en primeiro lugar, polo avance na participación no emprego total dun sector de baixa produtividade aparente como é a construción. Se o emprego total medra un 3,9%, na construción o incremento é case o dobre (7,2%). En segundo lugar, a expansión do emprego no sector servizos, 4,7% respecto ao ano anterior, prodúcese en ramas de actividade cunha menor produtividade aparente do traballo (hostalería ou comercio e reparación) o que fai que a produtividade aparente do conxunto deste sector se reduza.

PANORAMA ECONÓMICO DA EURORREXIÓN

A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, tal e como se reflicte no **cadro 1.1.4.**, ocupa unha superficie de 50.853 quilómetros cadrados e conta, a comezos do ano 2004 cunha poboación de 6.462,8 miles de persoas, o que implica unha densidade media de 127,1 habitantes por quilómetro cadrado.

A poboación ocupada no cuarto trimestre do 2004 era de 2.904,2 miles de persoas (un 2,1% máis que no mesmo período do ano anterior), o que representa aproximadamente o 45,0% da poboación total da eurorrexión. O sector servizos acolle máis da metade da poboación ocupada total, fronte ao 37,2% dos sectores da industria e construción, considerados conxuntamente, e o 12,0% do sector primario.

O devandito cadro reflicte a distinta importancia relativa dos sectores económicos en Galicia e no Norte de Portugal en termos de poboación ocupada. Mentres que Galicia rexistra unha maior importancia relativa da poboación ocupada no sector servizos, que acolle o 57,2% da poboación ocupada fronte ao 46,8% no Norte de Portugal, na rexión Norte de Portugal o peso relativo da pobo-

(1) A produtividade aparente do traballo é unha das posibles medidas de produtividade, aínda que non sempre é a máis precisa. Esta medida está sesgada contra as actividades intensivas en man ed obra, que empregan pouco capital físico privado. Canto meirande sexa a relevancia do capital productivo privado nunha actividade productiva, cabe agardar que maior sexa a produtividade aparente do traballo, mais tamén meirande será a participación do Excedente Bruto de Explotación (EBE) no valor engadido bruto (VEB) e, polo tanto, menor tenderá a ser a participación dos asalariados.

Principais indicadores da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

	Unidade de medida	Período de referencia	Galicia	Rexión Norte	Eurorrexión
Superficie	(en Km ²)	--	29.575	21.278	50.853
Poboación de dereito	(miles de persoas)	01/01/2004 31/12/2003	2.751,0	3.711,8	6.462,8
Densidade poboación	(habitantes por km ²)		93,0	174,4	127,1
Poboación ocupada			1.105,8	1.798,5	2.904,3
Agricultura e pesca			127,0	222,8	349,8
Industria e construción	(miles de persoas)	4º trim. 2004	345,9	734,0	1.079,9
Servizos			632,9	841,7	1.474,6
Taxa de paro	(%)		12,6	8,0	
Producto Interior Bruto (PIB)	(millóns de €)	2002	37.250	36.525	73.775
PIB per cápita (1)	(EU-25=100)	2002	76,6	61,5	67,8
PIB per cápita (1)	(EU-25=100)	2000-2002	74,9	62,0	

(1) Tense en conta as diferencias en niveis de prezos nacionais que non son tidos en conta polos tipos de cambio

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de IGE, Eurostat, Comisión Europea e Instituto Nacional de Estadística de Portugal

CADRO 1.1.4. ▲

ación ocupada no sector industrial é nove puntos e medio superior ao rexistrado en Galicia: o 40,8% e o 31,3%, respectivamente. No caso do sector primario, a ocupación nestas actividades representa o 11,5% da ocupación total en Galicia fronte ao 12,4% no Norte de Portugal.

A diferenza do acontecido un ano antes, a medra da ocupación na eurorrexión entre o cuarto trimestre de 2004 e o de 2003, prodúcese tanto en Galicia como no Norte de Portugal, con 36,0 e 23,0 miles de ocupados máis, respectivamente. Ademais, cómpre salientar que no devandito período de tempo experimentase no conxunto da eurorrexión unha medra da ocupación nos sectores non primarios.

No concernente ás taxas de desemprego, no cuarto trimestre de 2003 acadaba en Galicia un valor moi superior ao rexistrado no Norte de Portugal: mentres que en Galicia era do 12,6%, no Norte de Portugal era do 8,0%. No mesmo período do ano anterior, estas taxas de paro ascendían a 13,4% e 7,1%, respectivamente.

Finalmente, se consideramos que o produto interior bruto na UE-25 é igual a 100, no ano 2002 o PIB per cápita (en paridade de poder adquisitivo) na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ascende a 67,8%. En Galicia, esta ratio acadaba un valor superior ao estimado para a rexión Norte de Portugal: 76,6 e 61,5, respectivamente. Se se ten en conta a media dos anos 2000-2002, Galicia presenta un índice case trece puntos superior ao rexistrado para o Norte de Portugal: a primeira presenta un 74,9% e a segunda, un 62,0%.

PANORAMA ECONÓMICO DE GALICIA

A economía galega continuou coa tendencia positiva do crecemento económico, ao rexistrar unha medra do seu Producto Interior Bruto (PIB) a prezos de mercado do 3,0%, seis décimas máis que o incremento de 2003.

Ao igual que acontece na economía española, a demanda interna é o motor de crecemento da economía galega, cunha achega á medra do PIB do 3,8%. A pesar de que a contribución da demanda externa ao crecemento do PIB segue sendo negativa, ao igual que en 2003, esta mellora ao longo do último ano.

Evolución do PIB e das súas compoñentes en Galicia 2003-04 (1)

	2003	2004	2004			
			trimestres			
			I	II	III	IV
Gasto en consumo final	3,2	3,1	3,6	3,0	3,6	2,2
Gasto en consumo final dos fogares	3,1	3,0	2,9	3,5	3,2	2,3
Gasto en consumo final das AA.PP. e ISFLSH	3,5	3,5	6,1	1,1	5,2	1,7
Formación bruta de capital fixo	3,9	4,2	1,7	4,5	6,8	3,8
Demanda interna (2)	3,8	3,8	3,4	3,9	5,0	3,2
Exportacións de bens e servizos	4,6	6,7	7,0	6,8	8,3	4,8
Importacións de bens e servizos	5,7	6,7	6,6	7,2	9,2	3,9
PIB a prezos de mercado	2,4	3,0	3,0	2,6	3,3	3,1
Ramas agraria e pesqueira	-3,5	2,3	2,6	-6,5	2,0	11,7
Ramas enerxéticas	3,7	0,7	2,9	1,2	0,5	-1,8
Ramas industriais	2,4	2,0	1,6	2,7	3,9	-0,2
Construción	3,1	3,6	2,2	4,0	4,5	3,5
Ramas dos servizos	2,4	3,3	3,9	3,0	3,3	3,2
servizos de mercado	2,1	3,2	3,5	3,1	3,0	3,2
servizos de non mercado	3,5	3,6	4,9	2,6	4,0	3,0
Impostos netos sobre os produtos	3,7	3,6	2,0	4,6	3,5	5,0

(1) Taxas de variación interanual. Prezos constantes de 2000

(2) contribución ó crecemento do PIB

Fonte: IGE, Contabilidade Trimestral

◀ CADRO 1.1.5.

Productividade aparente do factor traballo en Galicia e España 2003-04: distribución segundo sectores

	2003			2004		
	Productividade	PIB (1)	Ocupación (2)	Productividade	PIB (1)	Ocupación (2)
Galicia						
Total	-1,4	1,9	3,3	1,6	2,9	1,3
S. Primario	-3,7	-4,4	-0,7	10,0	1,9	-8,1
Industria	-1,7	-0,2	1,5	1,5	1,6	0,1
Construción	7,2	5,2	-2,0	-0,5	3,8	4,3
Servizos	-4,6	2,7	7,3	0,0	3,2	3,2
S. non primarios	-1,7	2,2	3,9	0,2	2,9	2,7
España						
Total	-1,9	2,1	4,0	-1,3	2,6	3,9
S. Primario	-1,0	-1,4	-0,4	-0,4	-0,6	-0,2
Industria	1,0	1,3	0,3	1,8	2,1	0,3
Construción	-1,8	4,3	6,1	-3,5	3,7	7,2
Servizos	-3,0	2,1	5,1	-2,1	2,6	4,7
S. non primarios	-2,2	2,1	4,3	-1,6	2,6	4,2

(1) Taxas de variación interanual. Prezos constantes de 1995

(2) Metodoloxía EPA 2005

Fonte: Elaboración propia a partir de Contabilidad Regional de España e EPA

◀ CADRO 1.1.6.

O cadro macroeconómico da economía de Galicia reflicte, **cadro 1.1.5.**, o importante crecemento do investimento, que medrou un 4,2% respecto ao ano anterior, tres décimas máis que en 2003. O gasto en consumo fíxoo nun 3,1%, unha décima menos que no ano precedente, sendo o compoñente que máis aumenta o do gasto das Administracións Públicas, co 3,5%.

A redución en medio punto porcentual da achega negativa do sector exterior veu motivada polo incremento de case sete puntos porcentuais das exportacións e importacións galegas. En 2003 as importacións medraron un 5,7% e as exportacións un 4,6%.

Dende a óptica da **oferta**, a aceleración no ritmo de crecemento apoiouse no dinamismo dos sectores da construción e dos servizos, así como na importante recuperación da actividade agraria e pesqueira. Pola contra, o cadro macroeconómico amosa a ralentización da medra das actividades industriais e enerxéticas.

A pesar da aceleración no crecemento da actividade económica en 2004, o **mercado de traballo** galego presenta un incremento da poboación activa e ocupada inferior ao que tivera lugar ao longo do ano anterior. Asemade, rexístrase un novo incremento do número de desempregados, cunha intensidade superior á rexistrada no ano precedente.

O número de activos medrou en Galicia en 29,6 miles de persoas (2,3%) e a ocupación media o fixo nun 1,3% sobre a ocupación estimada en 2003 (14,6 miles de persoas), dous puntos porcentuais inferior á rexistrada no ano anterior. Este descenso da ocupación débese tanto á forte caída da ocupación no sector primario (un 8,1% menos que en 2003) como á desaceleración no ritmo de crecemento nos sectores non primarios considerados no seu conxunto (2,7%). O desemprego medrou en 11,5 miles de persoas, acadando a taxa de paro o 13,5%.

As taxas de crecemento do PIB e do emprego implican que a produtividade aparente do traballo situouse no 1,6% (-1,3% no conxunto do Estado), cando no ano anterior, esta era negativa (-1,4%). O incremento da produtividade aparente do traballo nunha economía pode vir explicado por dous procesos non excluíntes: a medra da produtividade de calquera sector ou a redución do peso relativo do emprego nos sectores con menor produtividade aparente do traballo. No conxunto do Estado hai dous sectores con productividades relativamente baixas: o primario e a construción.

Galicia presenta unha situación semellante, aínda que cunha diferenza: o sector primario rexistra unha produtividade aparente moi por baixo da media española e do conxunto dos sectores galegos. O **cadro 1.4.10. (Productividade aparente do factor traballo en Galicia e España 2003-2004: distribución segundo sectores)** reflicte que a produtividade do sector primario era do 65% da media española en 2003 e do 72% en 2004. Os datos do **cadro 1.1.6.** amosan que, dada a forte caída do emprego agrario e a medra da súa actividade, a produtividade aparente no sector presenta un valor moi elevado: 10,0%. No conxunto das ramas industriais, a produtividade aparente foi do 1,5%, mentres que no sector da construción, a produtividade aparente é negativa: -0,5%. No sector terciario, tendo en conta que a produción e a ocupación medran a taxas idénticas, a produtividade aparente do traballo foi de 0,0%. ■